

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2012**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día dezanove de setembro de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, para a actuación de instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Unidade, número 6.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de edificación sita na rúa Otero Pedrayo, número 56; para construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Bustelo, número 11, ruelleiro 7, Sector Sur B Areeiras-Louzaneta, Polígono 1; para a instalación de calefacción centralizada en edificio con licenza de obra número 901/09, sito na rúa Armórica, números 47-51; para construción de rampla para acceso de discapacitados no portal do edificio de vivendas con licenza número 210/86, sito na ronda das Fontiñas, número 119; para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Nadela, N-VI, número 26 e para a legalización, reforma e ampliación de edificio na rúa Madreselva, número 24.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito ás distintas dependencias municipais que colaboran nas obrigas do Concello de Lugo, por mor da celebración das eleccións ao Parlamento Galego o vindeiro día 21 de outubro e a aprobación da forma de compensación.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a revisión de prezos para o período que vai dende o 24 de maio de 2012 ata o 23 de maio de 2013 das tarifas de consumición correspondentes á explotación do servizo de cafetería restaurante anexa ao Centro de Empresas e Innovación (Complexo CEI-Nodus-Espazo>Lab-Parque de bombeiros).

Acórdase adiala prórroga do contrato suscrito coa adxudicataria do contrato correspondente á asistencia sanitaria para os empregados públicos e outros do concello de lugo por prazo dun ano contado dende o 1 de novembro de 2012, para un mellor estudo.

Así mesmo, acórdase a revisións de prezos, para actualización do contrato suscrito coa adxudicataria da concesión de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, correspondentes ao canon contractual para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2012 e o 30 de xuño de 2013, á ampliación do servizo de recollida no convenio do 03/02/99 para o período entre o 1 de febreiro de 2012 e o 31 de xaneiro de 2013, á ampliación do servizo de recollida no convenio do 02/09/02 dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2012, e á ampliación de diferentes servizos de limpeza e recollida que entrou en vigor o 1 de abril de 2007 para o período que vai do 1 de abril de 2012 ao 31 de marzo de 2013.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dos servizos de coordinación e desenvolvemento de actividades nos Centros Municipais, Casa da Xuventude e Casa da Musica e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a declaración de deserto do procedemento de adxudicación de entidade financeira e nova convocatoria mediante procedemento negociado na contratación da subministración mediante lotes dun camiión con cisterna de emulsión asfáltica e un vehículo radio patrulla para a Policía Local mediante alugamento financeiro (operación de leasing).

Do mesmo xeito acordas ea aprobación do proxecto técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de repavimentación no núcleo histórico, rúa dos Clérigo se a apertura do procedemento de adxudicación.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de

licenza para instalación solar fotovoltaica na rúa dos Carpinteiros, parcelas 96-97, subparcela 9, nave 5.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a rectificación da parte expositiva do acordo número 11/534, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 12 de setembro de 2012, e relativo a incoación dun procedemento disciplinario a unha funcionaria municipal.
- Acórdase o requirimento para a anulación da resolución pola que se desestiman as alegacións e se declara a existencia dun saldo a favor do Tesouro Público no proxecto “Mejora de la capa de rodadura del camino desde la N-640 a Caneda por Pedreda, Outeiro y Alvarello (Parroquia de Pedreda) - 09FEIL29. S/E: 16.194.” do Concello de Lugo pertencente ao Fondo Estatal de Inversión Local.
- Apróbbase a proposta do Ilmo. Sr. Concelleiro de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para aprobación da aceptación do depósito, no Arquivo Municipal, do arquivo do Sr. Don Eloy Maquieira Fernández, solicitado pola Delegación de Lugo do Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG).
- Apróbbase a proposta do Ilmo. Sr. Concelleiro de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para recoñecemento como patrimonio documental lucense do arquivo do Sr. Don Eloy Maquieira Fernández.

Lugo, 26 de setembro de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García